

CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA



ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 3º TRIMESTRE CURSO 2019-2020

Materia:

EDUCACIÓN PRIMARIA:

- **Educación Física _ 1º EP.**

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B6.1. Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.	-EFB6.1.1. Iníciase no uso de tácticas elementais dos xogos.
B6.2. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas, en especial as de Galicia.	-EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: - Procesos de observación nas tarefas entregadas en forma de montaxes visuais (vídeos, fotos ou montaxes). -Valoración da calidade e puntualidade na entrega dos traballos.
	Instrumentos: A entrega dos distintos traballos para a súa posterior avaliación realízase por vía telemática: - Correo electrónico. - Aplicación Tokapp School.
Cualificación final	A nota da avaliación final ou ordinaria obterase da seguinte maneira: - Nota media da 1ª, 2ª e 3ª avaliación. - Os resultados da 3ª avaliación sempre sumarán. O máximo que poderán sumar será dun 20% sobre as outras dúas avaliacións.
Proba extraordinaria de setembro	Non procede
Avaliación de materia pendentas	Non hai casos.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>-As actividades realizadas durante o 3º trimestre centraranse no repaso e no reforzo de criterios e estándares de aprendizaxe relacionados cos 5 primeiros bloques de contidos, os cales foron traballados na súa ampla totalidade durante o 1º e 2º trimestre.</p> <p>-Do bloque 6, de xogos e actividades deportivas, só se valorarán os criterios e estándares indicados no 1º apartado, xa que o resto están supeditados ao uso dunha instalación deportiva específica. Estes criterios e estándares son considerados de ampliación.</p> <p>-As actividades serán as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Execución de coreografías individuais e grupais. - Realización de circuítos de coordinación/axilidade. - Practica de distintos xogos individuais e grupais con materiais alternativos ou de refugallo. - Realización de distintos retos motrices de superación persoal.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	-A metodoloxía utilizada foi a entrega de vídeos ou mensaxes explicativas das tarefas a realizar, utilizando tódalas vías telemáticas dispoñibles para chegar a totalidade do alumnado. Para a recepción das tarefas realizadas a metodoloxía foi a mesma, pero á inversa.
Materiais e recursos	<p>-Os materiais e recursos utilizados para o desenvolvemento de tódalas actividades serán fundamentalmente domésticos, xa que a situación actual limita moito a dispoñibilidade de material específico da área.</p> <p>-Será básico o uso dun dispositivo móbil multimedia ou un ordenador para o envío e recepción das actividades a realizar.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Os recursos telemáticos para comunicarse co alumnado e as familias serán os seguintes: -Web do centro https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada/ (subpáxina Proxecto Deportivo do Centro). -Correo electrónico. -Aplicación Tokapp School. -Vía telefónica.
Publicidade	-Web do centro https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada/